

**Normativa Municipal :****ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACI3N DAS INSTALACI3NS DEPORTIVAS MUNICIPAIS****· ARTIGO PRIMEIRO: FUNDAMENTO E NATUREZA.**

De conformidade co establecido no art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril e arts. 2.1.b, 15 a 19 e 20.4.o do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece a taxa pola utilizaci3n das instalaci3ns deportivas municipais que rexer3 pola presente ordenanza fiscal.

· ARTIGO SEGUNDO: FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible deste tributo a utilizaci3n das instalaci3ns deportivas municipais integradas polo pavill3n municipal de deportes e polas piscinas municipais descubertas.

· ARTIGO TERCEIRO: OBRIGAS DE CONTRIBUIR.

A obriga de contribuir nace dende que se inicie a utilizaci3n mediante a entrada nas instalaci3ns deportivas municipais.

· ARTIGO CUARTO: SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos e obrigados 3 pago da taxa as persoas que utilicen as instalaci3ns deportivas municipais.

· ARTIGO QUINTO: BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

A base da taxa que regula esta ordenanza defínese pola realizaci3n de actividades durante un tempo determinado para a pr3ctica de diferentes actividades deportivas ou pola utilizaci3n dos servizos nos recintos a que alude o artigo 2º.

· ARTIGO SEXTO: CUOTA TRIBUTARIA.

A cont3a da taxa ser3 a que se regula na tarifa seguinte:

I. Utilizaci3n das instalaci3ns do pavill3n municipal de deportes.

1º.- Por utilizaci3n da pista:

- a).- Con iluminaci3n: 9,00 euros/hora ou fracci3n.
- b).- Sin iluminaci3n: 6,00 euros/hora ou fracci3n.

2º.- Por utilizaci3n do ximnasio: 1,00 euro/hora ou fracci3n (persoa).

3º.- Actuaci3ns extradeportivas: 90,00 euros por actuaci3n, por adiantado, debendo formalizarse un aval para responder dos posibles danos, fix3ndose o seu importe seg3n valoraci3n dos servizos t3cnicos municipais

II. Utilizaci3n das piscinas municipais descubertas.

- a). Adultos: 1 euro.
- b). X3ves e nenos (ata 18 anos): 0,60 euros.
- c). Abonos mensuais:
 - o Adultos: 15,00 euros.
 - o X3ves (ata 18 anos): 10,00 euros.
 - o Familiar (ata 3 compoñentes): 30,00 euros/mensual.

- Familiar (máis de tres compoñentes): 36,00 euros/mensual.
- Os abonados terán dereito a utilizar a piscina a calquera hora do día, no período en que as instalacións se atopen abertas ó público.
- Por abonado familiar entendese o matrimonio ou parella de feito e/ou seus fillos (menores de 18 anos).

· **ARTIGO SÉPTIMO.**

O Concello poderá asinar convenios con asociacións ou entidades deportivas para a utilización das instalacións deportivas municipais a que se refire esta Ordenanza fiscal en competicións deportivas oficiais, de carácter escolar ou para desenvolver actividades de ensino e de formación deportiva.

· **ARTIGO OCTAVO: INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, estarase ó que dispoñen os artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normas tributarias de aplicación.

DISPOSICION FINAL.

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno en sesión extraordinaria de data 19/05/04, entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Alcalde-Presidente O Secretario

